

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Ricardo Palmás do 05/05/1978

Colección:

Data: 05/05/1978

De:

Luís Seoane;

Para:

Ricardo Palmás;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Londres (local), Gran Londres (rexional), Inglaterra (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Temáticas:

A emigración galega na Arxentina [ensaio]; Artes; Asuntos particulares; Edicións do Castro; Librería Martina Céspedes. San Telmo; Literatura; Medios de comunicación; Política; Prensa escrita; The Burial of Sir John Moore at Corunna; Xardín de San Carlos;

Mencionados:

Xosé Abraira; Rosalía de Castro; Juan de Garay; Sir John Moore; Maruxa Seoane; Charles Wolfe;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Ricardo Palmás do 05/05/1978

Buenos Aires, 5 de Abril de 1978

Sr. Ricardo Palmás
Londres

Querido Palmás:

Recibín fai xa cuase uns vinte dias a súa carta remitida dende Londres. Facíao, non sei por qué, en Barcelona. Nos estamos aínda inquedados, sen acougar como se dí, tratando de traballar, mais eu sin me decidir a facelo de xeito disciplinado. Os grabados sobor Galicia aínda non os iniciéi, teño outros a facer sobre Juan de

Garay, cos que debo iniciar a miña laboura deste ano en grabado, para a librería Martina Céspedes, de San Telmo. A verdade é, que independente das atencións e homaxe dos mozos de Santiago, voltamos desesperanzados de Galicia. Aquelo é un gran disparate político con unha ausencia, a do Partido Galeguista, que houbera servido aos desexos de autonomía popular como o catalanismo e o nacionalismo basco. A miña política hoxe é, penso, que para o porvir é facer co meu traballo o que poida por Galicia, sin ter nada que ver coas institucións políticas que se formen e cas vixentes na actualidade. En todo caso estarei con elas nos aspectos mais xenerales sempre que correspondan ó meu pensamento. Trataré de pintar sobre todo, o millor que poida, que polo visto é o meu. Do tomo de poesía que editou O Castro non sei nada. Non sei si interesou aos mozos que non coñecían nada meu, ou non. Publicáronse algunhas notas, unha moi interesante de Casares, e outra en Informaciones, creo que nada máis. É posible que se tivesen publicado mais. Non vin ningún número de A Nosa Terra. Dixéronme que Abaira escribiu unha carta de lector queixándose de que non se houbera referido a A Nosa Terra de Buenos Aires, e de paso de que non tiveran en conta o galeguismo de aquí. Non sei nada mais en canto a si lle responderon ou non. En canto ao de Wolf adicado a Moore pareceume moi ben, non tanto Moore que deixou que o defendesen os galegos mentras el pretendía embarcar, e recibiu un tiro providencial para consolidar a sua gloria e por el o espléndido poema romántico de Rosalía. Entre Rosalía e Wolf cimentouse esa gloria. Tamén axudou o Xardín de San Carlos, onde ergueron a sua tumba.

Esto é todo hoxe. Quedou moi ben o libro sobre a emigración que editou O Castro. Reciba unha aperta grande de Maruxa e miña:

[Seoane]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.